

## **AER CONSIDERA INTOLERABLE QUE A EDIL DE IGUALDADE SE ENCARE COS COLECTIVOS DE MULLERES PROMOTORES DE PAROS NO 8 DE MARZO**



De increíbles tacha AER as declaracións que a Concelleira de Igualdade Teresa París vén de facer nestes días, máis aínda cando os postos públicos que ostentan deben buscar consensos e respecto polas iniciativas plurais que se poidan crear entorno a un problema social de tal calado como son as desigualdades entre homes e mulleres en pleno século XXI.

As duras palabras con que critica a folga ou mesmo os paros parciais promovidos por diferentes colectivos de mulleres tanto a nivel estatal como a nivel mundial son unha clara mostra da intransixencia persoal que a Concelleira traslada á súa labor na Concellería de Igualdade. Sendo respectable que persoas ou colectivos que por iniciativa persoal non queiran secundar os paros ou a folga, o que non ten senso é que a Concelleira se posicione frontalmente contra as iniciativas programadas por diferentes colectivos de mulleres e unicamente poña en valor os actos institucionais promovidos pola súa concellería. E máis aínda, sorprende de avale os paros que ela mesma promociona fronte aos paros que outros colectivos, algúns mesmo de Redondela, propoñen.

Esta actitude da concelleira de Igualdade de considerar que a súa “opinión” está por enriba das demais leva a Agrupación de Electores a considerar que Teresa París non está a altura do seu cargo no Concello de Redondela. “Unha persoa que amosa tal radicalismo dende a súa labor como representante público non é merecedora de tal cargo”.

Por estes motivos, dende AER considérase que o alcalde Javier Bas debера proceder de xeito inmediato a cambiar a edil de Igualdade por unha persoa máis acaída a este posto e sobre todo, por unha persoa respectuosa coa pluralidade de iniciativas sociais en torno a visualización das desigualdades das mulleres.

Redondela, 7 de marzo de 2018